

La Campaña

semanario anarcosindicalista - información y debate anarquista
Edita: Sindicato Único de Trabajadores Solidaridad Obrera de Pontevedra de la CGT

VII Época - Núm. 52 Pontevedra, a día 25 de Noviembre de 2024

informacion@revistalacampana.info www.revistalacampana.info



Editorial

Te han sitiado corazón
y esperan tu renuncia.
Los únicos vencidos, corazón,
son los que no luchan.
No te entregues, corazón libre.
No te entregues.

Rafael Amor

Bajo la organización y auspicio de Naciones Unidas, en el último mes se han celebrado dos *Cumbres internacionales*, en relación al grave riesgo que amenaza la vida en nuestro planeta, como consecuencia de la emisión por la industria de cantidades ingentes de gases de efecto invernadero y agentes contaminantes de toda especie.

Del 21 de octubre a primeros de noviembre, se celebró en Cali, Colombia, la titulada “*Conferencia sobre Biodiversidad por un futuro sostenible*” (COP16). Del 11 noviembre y hasta el 22 de noviembre, tuvo lugar en Bakú, Azerbaiyán, la *XXIX Cumbre sobre el Cambio Climático* (COP29).

Sin embargo, ni en un caso ni en el otro, los asuntos verdaderos a tratar (y sobre los que en verdad llegaron a acuerdos efectivos) eran los que, mentirosamente, reflejaban sus títulos respectivos.

[continúa en la pág. 3]

Editado por el Sindicato Único de Trabajadores
“Solidaridad Obrera” de Pontevedra de la CGT

Séptima Época. Núm. 52. Se imprime el 25
de noviembre de 2024 [DL PO-433-95]

Redacción: c/Pasantería, 1-3ª Pontevedra
Teléfono y Fax: 986 68 87 63

Correspondencia: rúa Pasantería 1 - 3ª
(36002) Pontevedra

mail: informacion@revistalacampana.info
www.revistalacampana.info

Buzón de La Campana. Sin olvido. Un viaje por
la memoria antifascista. Cursos de Formación
Sindical de CGT (on-line). **Pág. 2**

Editorial: Las Mentiras del poder y la au-
toridad, al igual que la Peste que encubren,
habrán de continuar ... hasta el día en que
la movilización sindical y social asuma
y ejerza la constatación histórica y racio-
nal de que ninguno de los graves proble-
mas que aquejan a la humanidad -tampo-
co los relativos al cambio climático- podrá
ser solucionado mientras esté vigente la
dictadura del régimen de Economía Políti-
ca capitalista **Portada y pág. 3**

Conflictos colectivos. E Kropotkin tiña a ra-
zón. A escalada en severidade do Servizo Pú-
blico de Emprego e o desprezo polas persoas
paradas. **Págs. 4 y 5**

Debate al rojinegro: Inauguración do novo
local da Federación Local Obreira da CGT na
Coruña. **Págs. 6, 7, 8 y 9**

Poesía. CÉSAR RODRÍGUEZ CHICHA-
RRO: “El Ritmo de mi Vida”. **Pág. 10**

Cine: UN AÑO DIFÍCIL, de Olivier Naka-
che y Eric Toledano. **Pág. 11**

Memoria libertaria. Debate entre militantes
naturistas. Naturismo libertario y Naturismo
fisiológico, frente a frente. **Pág. 12**




SIN OLVIDO Un viaje por la memoria antifascista

Rubén Uceda

El narrador y dibujante Ru-
bén Uceda presenta su último trabajo
de estos años. Su título es *Sin ol-
vido. Un viaje por la memoria
antifascista*. En este cómic, su protagonista, Lola, investiga sobre la represión
del régimen franquista. Lo que le lleva a vivenciar la crónica de un crimen his-
tórico sin resolver, entrar a dialogar sobre los miles de muertos que tenemos
olvidados en fosas comunes, y a reflexionar junto a distintas personas sobre
nuestra desmemoria colectiva.

Interesados pueden entrar en la web donde se presenta la obra, y don-
de se puede adquirir el libro, financiando con ello su publicación. Enlace a la
página: <https://vkm.is/sinolvido>



CURSOS DE FORMACIÓN (ON-LINE) SINDICAL, DE CGT

La Secretaría de formación de CGT, ha organizado para el mes de
diciembre dos cursos de formación sindical, modalidad on-line-, cuya ins-
cripción está abierta -a través de zoom- para todos los militantes interesados.

1- Curso de “Elecciones sindicales”

Ponente: Beatriz Calleja, abogada del Gabinete Jurídico Confederal
- CGT

Fecha y hora: 4 de diciembre, de 10:00h a 13:30h hora peninsular

Enlace al curso: <https://docs.google.com/forms/d/1ibdEULeQ8is2el-FQ07E5RWf6YiAuDcI4cZm0JKDaT0c/edit>

2- Curso de “Derecho de información y consulta delegadas Preven-
ción de Riesgos Laborales (primera sesión)”

Ponente: Sergio Álvarez Hombría, secretario de formación de FE-
TAP

Fecha y hora: 10 de diciembre, de 10:00h a 13:30h hora peninsu-
lar

Enlace a la inscripción del curso:

<https://docs.google.com/forms/d/1yeyWZTEtSg6ajZnUsIUMuLL2BCSgzNhYB2O0kdqIS4/edit>

3- Curso de “Derecho de información y consulta delegadas Preven-
ción de Riesgos Laborales (segunda sesión)”

Ponente: Sergio Álvarez Hombría, secretario de formación de FETAP

Fecha y hora: 11 de octubre, de 10:00h a 13:30h

Enlace a la inscripción del curso:

<https://docs.google.com/forms/d/1Y8kdjx8gwWYbQQw0yUu09Nc-tKrfCY8VeOPUCVlxdICE/edit>

Editorial

[viene de la portada]

En ambas *Reuniones*, intervinieron decenas de mandatarios de los casi 200 gobiernos nacionales (entre ellos, el presidente del gobierno español), asistidos y/o representados por la numerosa y habitual cohorte de expertos, asesores y altos funcionarios. En franca comandita con ellos, también estaban activamente presentes, a un lado, los agentes de los lobbies empresariales más poderosos y ejecutivos de la alta corrupción privado-gubernamental y al otro, el bullicioso peregrinaje rogativo de ONG's, federaciones ecologistas y colectivos ambientalistas institucionales y demás figurantes de ornato. Como siempre en este tipo de acontecimientos, el protagonismo anecdótico de cada uno de estos actores fue definido por las redes clientelares de agencias y consorcios mediáticos para el control social, ideológico y (des)informativo internacional.

A estas alturas del siglo, es ya una evidencia palmaria que los seres vivos que habitamos la biosfera terrestre estamos en riesgo inminente de catástrofe, cuyo origen, razón y responsabilidad, ya sólo caben ser atribuidas a la actividad industrial y productiva, tal y como está siendo diseñada y ejecutada en mutuo acuerdo por el régimen capitalista y las organizaciones políticas nacionales (los Estados) y supranacionales (ONU, G7, G8, UE, etc).

Sin embargo, los mismos responsables de los graves problemas que aquejan a la humanidad entera, son quienes se postulan como los protagonistas únicos de su posible solución. Y organizan *Cumbres*, *Conferencias*, *Paneles*, *Contubernios* ... en Cali o Bakú, como antes lo hicieron en Río, Kioto o París. Siempre dispuestos a simular una cierta rivalidad entre el poder económico (representado por las grandes corporaciones capitalistas, jerarquizadas en función de los beneficios privados acumulados) y el poder político (representado por los gobiernos e instituciones de la gobernanza mundial, estatal o local, jerarquizados en función de su poderío militar) que, pese a todo, finalmente se resuelve en acuerdos y pactos que garantizan la continuidad del régimen económico-político, pese a las desastrosas consecuencias de su pervivencia. Tal como ha ocurrido en las Cumbres de este mes, en Cali y Bakú.

Pese a todo, todavía hay quien compra y participa en semejante parodia, confiando en que algún día llegarán a las jefaturas de los Estados los 'políticos verdaderamente buenos'. Y estos, una vez en los sillones del poder, utilizando el monopolio de la violencia legítima que les corresponde -Sistema penal y ejército- harán entrar en razón al capitalismo privado. Tal y como vienen haciendo los Biden, los Macron, los Keir Starmer las Meloni, las Úrsula van der Meyer, los Sánchez ...

Con todo, a estas alturas, ninguno de los actores intervinientes en las *reuniones* puede alegar ignorancia alguna sobre cómo se pueden atajar técnicamente los problemas aludidos; del mismo modo que todos ellos saben muy bien qué 'intereses privados' y 'razones' de poder político-económico privado les animan a no resolverlos. Se trata, sencillamente, de que esas no son sus 'prioridades' y, mucho menos, el 'motor de su conducta', siendo plenamente conscientes que no estaban en Cali o Bakú para lograr resolver la emergencia climática y la catástrofe ecológica mundial, al menos, en tanto que resulten incompatibles o inconvenientes para la codicia económica y el ejercicio efectivo del poder de los amos a los que representan y por lo que han sido seleccionados y están bien pagados.

En cumplimiento de la tarea encomendada, los asistentes en Bakú y Azerbaiyán impusieron -vendiéndolo como un logro en el camino del progreso universal- la visión mercantilista de la naturaleza y la cicatería económica, propia de este tipo de acontecimientos, con el argumento de que sólo el "dinero" (el Capital) puede resolver los desafíos que impone el régimen del "dinero y propiedad privada".

Terminadas las reuniones, unos saldrán alegres y confiados y otros mostrarán su decepción. Pero, unos y otros se pondrán a organizar la próxima Cumbre -telaraña mortífera tejida con los mismos hilos que las actuales- con la esperanza puesta en que esta vez sí el capitalismo se volverá humano y el orden estatal democrático-representativo se impondrá como justo garante de un futuro mejor para todos. Las Mentiras del poder y la autoridad, al igual que la Peste que encubren, habrán de continuar ... hasta el día en que la movilización sindical y social asuma y ejerza la constatación histórica y racional de que ninguno de los graves problemas que aquejan a la humanidad -tampoco los relativos al cambio climático- podrá ser solucionado mientras esté vigente la dictadura del régimen de Economía Política capitalista,

E KROPOTKIN TIÑA A RAZÓN

Christopher Hitchens, o periodista e escritor, amosounos a historia oculta da Madre Teresa, Bill Clinton, Diana de Gales ou a crueldade de Henry Kissinger, premio Nobel da Paz en 1973, desenmascarando a estas persoas. Do seu libro, Xuízo a Kissinger, publicado no 2001, o diario británico The Guardian escribiu: *“No seu novo e explosivo libro, Christopher Hitchens explica por que o ex secretario de Estado Henry Kissinger —venerado como un xefe de estado, convidado e admirado polos grandes deste mundo— debe ser procesado por crimes contra a humanidade”*.

Precisamente o populismo ou as crenzas e opinións máis populares, deben ser cuestionadas sen medo, pois non debemos desprezar que os reis, bispos e multimillonarios teñen máis influencia que a maioría para moldear os apetitos e emocións da multitude. Non é nada difícil atopar exemplos, o preámbulo da Constitución de EEUU, escrita por homes que eran propietarios de outras persoas, ábrese coa invocación: *“Somos o pobo...”*. Con eso temos que ter coidado, moitas veces falase en nome das persoas sen voz ou non representadas co que comeza a transición a un partido de vangarda que substitúa de verdade as masas. Así a todo, non debemos de ter medo a expoñer o análise da realidade. Como dixo Kropotkin, basta con que só un home teña razón.

A ciencia estatística e as sondaxes de opinión xogan un papel importante no moldeado da opinión e a tendencia popular. Estas travesías pola psique colectiva son fretadas por organizacións adiñeiradas e poderosas, que non gastan o diñeiro en satisfacer a curiosidade. As tácticas son as mesmas que as da investigación de mercados, o obxectivo non é interpretar o mundo senón lanzar un produto fronte a outro. Favorecer este produto é algo que hai que alimentar, alentar e explotar.

Os barómetros que mensualmente ofrécenos o CIS son un claro exemplo disto anterior. O CIS, Centro de Investigacións Sociolóxicas, é un organismo autónomo adscrito á Consellería de Presidencia... que ten por obxecto o estudo científico da sociedade española, segundo o propio CIS, os barómetros, teñen como principal obxectivo medir o estado da opinión pública española do momento, sen embargo son unha ferramenta das elites políticas para favorecer o seu produto fronte ao do outro. Existen no último barómetro publicado, outubro de 2024, 16 preguntas directas sobre líderes políticos, partidos, intención de voto e demais cuestións sobre o produto electoral mentres que apenas 6 tratan sobre o seu obxectivo, esa opinión pública do momento. Un simple repaso as preguntas e o xeito de facelas

amosa a intencionalidade e o embeleco. A primeira pregunta directa sobre opinión refírese a invasión Rusa da Ucraína. Destaca que se defina como invasión Rusa e non a máis equidistante guerra. A segunda pregunta é sobre a preocupación pola guerra en Oriente Medio, falseando o xenocidio que está a provocar a maior resposta popular mundial, en moito tempo, contra a inacción e complicidade do *“Estado de las cosas”*, que dicía Kortatu. A terceira é sobre a preocupación polo cambio climático e a seguinte é a pregunta estrela, a preocupación pola economía. Finalmente, preguntase polos tres principais problemas en España. Existe unha clara desconexión entre a considerable preocupación que amosan os resultados directos das tres primeiras preguntas, Ucraína, Palestina e cambio climático e os resultados das preguntas dos tres primeiros problemas para España. O cambio climático só preocupa a un 4,2% dos entrevistados como un dos tres problemas máis importantes e as guerras en xeral, así é o ítem, ao 1,5%. Non pasa o mesmo coa economía pois os tres principais problemas son en primeiro lugar a *inmigración*, seguido da *crise económica, problemas de índole económica*, xa o ítem normaliza a crise permanente. En terceiro lugar está a *vivenda*. O *paro*, ese clásico durante tantos anos xunto a ETA, segue manténdose en forma como preocupación en cuarto lugar, aínda que teñamos a sensación que xa non lle preocupa a ninguén.

O barómetro é moi clarificador sobre as posicións e discursos “amarillos” ou “verticais” que toman as corporacións sindicais e temos que ter o valor de enfrontalos dende CGT sabendo que aínda que imos contra unha suposta opinión popular, moldeada e interesada, amosamos a realidade ou como dicía Kropotkin, teñamos razón. Hai resultados numéricos que amosan os problemas na súa forma máis cruel. As cifras indeterminadas do xenocidio contra o pobo palestino. Contra esta barbaridade, convocamos unha folga xeral. As cifras indeterminadas do crime da política fronteiriza da UE. Como sinalamos na anterior editorial só na ruta africana-canaria hai constancia de 8.000 cadáveres este ano. O rexistro de accidentes laborais mortais, 573 dende xaneiro a setembro de 2024, un 9,3% máis que no 2023. Máis de dous mortes ao día en España. Estas cuestións, non cabe dúbida, está a enfrontalas a CGT, aínda que ten moito que dicir e facer aínda. E sobre o paro e o dereito a paro, imos dicir algo? Ou realmente a escalada e o aumento de requisitos e impedimentos para o dereito ao paro xa non preocupa a ninguén?

Larri (e a impagable axuda de Christopher Hitchens)

A ESCALADA EN SEVERIDADE DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO E O DESPREZO POLAS PERSOAS PARADAS

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou o pasado luns que todas as persoas inscritas no Paro, Servizo Público de Emprego, en Galicia deberán, a partir de agora, asinar un “acordo de actividade” polo que se comprometen a facer unha busca activa de emprego. De non asinar ou incumplir o “acordo” serán borrados do Paro inmediatamente e perderán todos os dereitos na Consellería de Emprego, incluso á prestación no caso que se estea cobrando.

Hai toda unha perversión nesta medida, ademais da propia da palabra “acordo”, no tratamento que a Xunta dispensa a todos os demandantes de emprego cuestionando e eliminando os dereitos que lles corresponden. Por exemplo o de unha prestación derivada de ter traballado asalariadamente e aboado a respectiva cota de desemprego.

Santiago Boquete, subdirector do Servizo Público de Emprego de Galicia, nunhas declaracións na prensa escrita, desvincula os dereitos e servizos derivados da inscrición no Paro e vincula o acceso á orientación, o asesoramento para o autoemprego, a formación para o traballo e a tutorización na procura de emprego a pasar polo aro da sinatura do “acordo” e prometer que realmente estás buscando emprego.

O Conselleiro de Emprego, José González non se cortou en declarar que trátase de “optimizar” os recursos públicos e que só estean nas listas de desemprego “as persoas realmente interesadas en atopar un traballo”.

Con isto, o Goberno de Galicia quere “profundar aínda máis” na determinación da categoría que impulsa o Programa de seguimento intensivo de demandantes de emprego, posto en marcha en xuño 2023.

Este acordo que deberán asinar tanto as persoas que cobran o paro como as que non, é un paso máis no programa de seguimento intensivo da demanda de emprego, que se iniciou en xuño do ano pasado e que incorporou este ano o uso da intelixencia artificial a través da ferramenta EMi.

Desde xuño de 2023, a Xunta xa revisou a través deste programa a situación de 47.579 rexistrados nas listas, dos que 7.071 conseguiron un traballo e outros 10.388 deixaron de ser demandantes de emprego, ao redor dun 22 % do total, unha porcentaxe que pode ser

“unha boa mostra”, segundo González, para o total de 122.000 demandantes de emprego que hai en Galicia.

É dicir, reducir cifras de desemprego, eliminar dereitos e desconfiar das persoas pola súa condición de parados. Sinxelamente é algo que non debemos consentir polo que temos que empezar a articular como nos enfrontamos a esta humillación e engano.

Pola súa banda, os recentes datos referidos ao desemprego no estado mostran unha subida do mesmo de 26.769 persoas no mes de outubro segundo o Ministerio de Traballo e Economía Social. Ademais, evidénciase que nos menores de 25 anos o desemprego instálase, afectando a 200.500 mozos. E en canto aos contratos que veñen realizando, os temporais aumentaron un 9’5% con respecto ao 2023, sendo un total de 862.812 contratos deste tipo. Os contratos fixos representan un 43’5% do total. Para o Ministerio de Traballo, co seguidismo das corporacións sindicais, estes datos son “moi positivos”, e argumentárono facendo referencia a que este incremento do número de persoas paradas é “inferior” á media, resaltando que é a cifra “máis baixa” nun mes de outubro desde 2007.

Sen embargo, os datos do terceiro trimestre de 2024 da EPA mostran que a taxa de paro atópase no 11,21%, mentres que o desemprego de longa duración alcanza o 4,17% e o paro entre os mozos o 26,9% sendo, cos últimos datos, a segunda máis elevada de toda a Unión Europea.

Unha das formas laborais nas que se materializa a precariedade é o emprego a tempo parcial, que no último trimestre aumentou desde o 12,5% de 2023 ao 12,8%. Destes contratos o 73,7% corresponde a mulleres.

Doutra banda, o subempleo e o paro de longa duración, coexisten coa realización de millóns de horas extras e xornadas abusivas. Así, no último trimestre realizáronse 4.057.300 horas extraordinarias pagadas (cifra máxima desde 2009), e 2.515.000 horas extras non pagadas á semana, equivalentes a máis de 60.000 postos de traballo a xornada completa. Ademais, a cifra de ocupados que traballaron habitualmente máis de 40 horas á semana (contando segundos e terceiros empregos) é do 11,75%, realizando unha media de 52 horas semanais.

INAUGURACIÓN DO NOVO LOCAL DA FEDERACIÓN LOCAL OBREIRA DA CGT NA CORUÑA

O pasado sábado, día 23, tivo lugar a inauguración do novo local da CGT da Coruña. Congregáronse preto de 100 persoas que, desde as 12:30 horas gozaron dos actos que se programaron e, como non, da compañía mutua. O acto comezou cunha presentación a cargo da compañeira Rocío, que deu paso ás distintas intervencións. Entre estas estiveron as da Secretaria da Muller e o Secretario de Finanzas do confederal, en representación da organización, mailo Secretario Xeral da CGT de Galicia, que saudaron á concorrencia e auguraron as virtudes das novas instalacións, tanto para a organización coruñesa como para a clase obreira en xeral. Despois falaron Montse e José Pedro, da Federación Local Obreira da Coruña, cuxas intervencións reproducimos a seguir:

A primeira intervención

Hai xa máis de 150 anos, á calor das novas que chegaban sobre a fundación da Primera Internacional, en 1871, as sociedades obreiras locais constituían na Coruña a Federación Local Obreira, un organismo proletario que acollía ás organizacións de tendencia antiautoritaria da cidade.

A Federación Local Obreira crecería rapidamente e axiña se viron na necesidade de buscar un local que dese abeiro a unhas organizacións cada vez máis nutridas. Os locais sindicais estaban espallados por toda a cidade e precisaban dun local digno que respondese ás necesidades cada vez máis importantes de espazo e servizos comúns, como por exemplo a imprenta ou a escola, unha das actividades máis utilizadas polos traballadores da época. A decisión tomouse pronto, e antes de terminar o século XIX xa se acordara a construción dunha Casa Sindical para a Federación Local Obreira da Coruña.

Conseguilo non ia ser doado. A Federación Local comezou a recadar fondos, pero a imprescindible atención aos múltiples represaliados (despedimentos ou cadea en moitos casos), cando non aos familiares de mortos en folgas ou en accidentes laborais, facían que os fondos para a Casa Sindical se utilizasen prioritariamente nestas continxencias. Se a isto lle engadimos os continuos períodos de ilegalizacións e clandestinidade, temos o resultado de que a recadación, incluso das cotizacións, era unha tarefa moi complicada. O exemplo da folga dos consumeiros en 1901, con nove mortos, ducias de inválidos e condenados a cárcere e a desterro,

é paradigmático desta dificultade para levar adiante o proxecto da Casa Sindical.

Namentres, a Federación Local Obreira seguiu reorganizándose ao ritmo que marcaban os novos tempos e en 1910 as súas sociedades obreiras participaron na fundación da CNT, mantendo a súa independencia orgánica e renovando o seu anhelos de acadar a Casa Sindical.





Obreira ocuparon un dos andares na antiga Casa Sindical. Durante anos, o Estado non considerou legal esta ocupación, pero nunca foron desaloxados. A Federación Local Obreira recuperara, de feito, parte da súa querida Casa Sindical. Mentres, no eido organizativo, a Federación Local Obreira, pasaba da CNT á **CGT**, tras uns anos de querelas e disputas internas.

Pero non acabou aquí a peripecia. Un construtor oportunista e ladrón, un alcalde sen escrúpulos e uns sindicatos sen ética repartíronse o patrimonio sindical e aceptaron a interesada declaración de ruína do edificio. De pouco valeu que todo

Tras a ilegalización da Federación no período da ditadura de Primo de Rivera, coa chegada da República, retomouse a iniciativa unha vez máis e, finalmente, conseguíuse mercar unha finca ao concello da Coruña, con fondos exclusivos da Federación Local Obreira, entre as rúas Federico Tapia e Pardo Bazán. Fíxéronse festivais, rifas, aportacións extraordinarias e, finalmente, comezaron os traballos da ansiada Casa Sindical. En 1936, xa estaba construído o baixo e o primeiro piso.

Pero en xullo de 1936, Franco e os seus secuaces intentaron un golpe de estado e provocaron o que se chamaría Guerra Civil Española. A resistencia coruñesa, desarmada, non puido facer nada fronte ao exército e a Casa Sindical foi ocupada polos fascistas a pesar da defensa que uns poucos fixeron. Ata os mineiros de San Fiz e Noia, que viñeron reforzar aos traballadores coruñeses, tiveron que dar volta cando se atoparon cos falanxistas ocupando o edificio fortemente armados.

Comezaba o período máis negro da nosa historia e a Casa Sindical pasaba dun sono a ser un pesadelo, aldraxada polas botas do fascista sindicato vertical que a ocupou durante case corenta anos. Emporiso, a memoria do esforzo e a ilusión que a clase obreira puxera no proxecto non se esqueceu. Nos últimos meses da ditadura, novas xeracións de militantes, con aqueles veteranos que puideron sobrevivir ao fascismo, comezaron a reivindicar a devolución da Casa Sindical aos seus donos, e esta idea sería crucial para a recuperación da Federación Local Obreira (naquel momento vinculada á CNT) do local roubado.

Morreu o ditador e legalizáronse os sindicatos. A reivindicación do patrimonio sindical era constante e, ante o silencio do goberno, un día de 1984, un grupo de xoves militantes da Federación Local

este proceso se declarase ilegal polos xuíces, xa que conseguiron que o edificio se derrubase e se repartise o botín entre todos eles antes da sentenza xudicial. A democracia conseguira derrubar un símbolo do movemento obreiro que nin mesmo Franco se atrevera a botar abaixo. Novamente a Federación Local Obreira estaba sen local propio.

Non importaba. A militancia tiña claro que era a súa obriga a consecución dun local sindical no que se puideran atender axeitadamente as necesidades dos novos momentos que se vivían. Era ademais unha débeda con toda aquela militancia, a que aínda estaba e a que xa non, da que se recibira a testemuña e relevo, unha débeda que había que asumir e pagar.

E así chegamos a hoxe. A Federación Local Obreira, coa axuda da **CGT**, pero con fondos maioritariamente propios e sen ningún tipo de ingreso salvo as cotas sindicais, conta hoxe cun local onde se pode continuar a loita obreira coa maior dignidade posible. Aínda non é a Casa Sindical que soñaron e proxectaron os nosos antecesores, pero todo se andará. Uns locais a disposición do pobo traballador coruñés abertos a todos e todas.

Grazas pola vosa presenza.”

A segunda intervención

“Pasou moita militancia pola Federación Local Obreira, tanto na CNT primeiro como pola **CGT** despois. Non toda está nos libros de historia ou aparecen nun monumento ou memorial no que se lles recorde. Algunha afiliación so se soubo dela o día da alta no sindicato e o día en que o banco deixou de pagar as súas cotizacións, sen causar nin un gasto nin preocupación ningunha. Sen embargo, sería inxusto que un grupo deses compañeiros

e compañeiras, comprometidos fortemente co sindicato e co anhelos común da recuperación da Casa Sindical, fose hoxe esquecido. Por iso, e porque é de xustiza que os seus nomes soen hoxe en alto neste acto, pasamos a recordalos brevemente.

Roberto Rodríguez García

Robertiño iniciou a súa militancia no outro exilio, na emigración en Alemaña, onde marchou traballar moi novo, nos anos 60. Cando volveu, trouxo con el dúas mochilas complementarias: a conciencia libertaria e a conciencia antifascista. Aínda recordamos como se refería a Fraga co sobrenome do “Porco con tirantes”. Era un home calado e inimigo das disputas. Se ías con el de piquete a un polígono, mentres os demais discutíamos que facer, Roberto xa estaba el solo atravesando pedras na estrada. Así era Robertiño. Unha maldita enfermidade fixo que deixara de ser el antes de tempo.

Pedro Galán Orro

Afiliouse á Federación Local Obreira pouco despois da reconstrución. Home vehemente e sanguíneo, discutidor infatigable. Pedro e un pequeno grupo de militantes conseguiu levar adiante o conflito máis longo e complicado que a CNT da Coruña tivera nas mans, como consecuencia de terse presentado ás eleccións sindicais en contra doutros sectores confederais. Ese conflito foi o de Sidegasa, que foi célebre polo abaneo que recibiu o coche do vicepresidente Guerra nas mans dos traballadores.

Mar y Luz Villaverde Otero

Mariquiña Villaverde afiliouse en canto tivo noticia da reconstrución da CNT. Era a filla do que fora secretario xeral da Confederación Rexional Galaica durante a República, José Villaverde, que fôra paseado e asasinado polo franquismo. Para os xóvenes militantes dos anos 70, Mariluz era a referencia viva que nos unía á vella militancia que sufrira a represión franquista da forma máis directa e cruel. Foi tamén, unha referencia no proceso da recuperación de memoria histórica, colectivos cos que sempre tivo a xenerosidade de colaborar.

Teresa Vázquez Arias

A compañeira Teresa, Marité, estivo poucos anos na Coruña, pero foron suficientes para gañar o aprecio da militancia do momento. Cando chegou aquí xa a coñecíamos por ter sido secretaria xeral da CGT da Galicia, pero antes o seu compromiso a levaba a lugares como Nicaragua, a colaborar coa revolución sandinista, hoxe votada a perder. Dicía Teresa “Eu de cativa

quería ser home, ata que me din conta que non era iso, senón que o que quería é poder facer o que facían os homes e eu non podía, pero sen deixar de ser muller”.

Ángel Fernández

Angelito era panadeiro na Universidade Laboral. Membro das Xuventudes Libertarias, xa era aprendiz no ano 1936 e contaba aos xóvenes militantes da reconstrución como se anunciaban as folgas xerais durante a República: a través das sirenas dos barcos do porto e a través dos petardos que eles colocaban nos fornos no pan e os facían saltar. Angelito era un home, sempre con boina, gabardina e paraugas, que gustaba de falar coa xente nova, pero que non intentaba usar a idade ou a experiencia como factor de autoridade.

Alfonso Fandiño Ricart

Afiliado á CNT de Compostela desde moi novo, como toda a súa familia, Fandiño chegou á Coruña nos anos 70 despois dunha peripecia vital azarosa. Na Guerra fuxiu a Asturias, onde se enrolou no Batallón Galicia, a onde foron parar todos os cenetistas galegos que conseguiron fuxir da represión na nosa terra. Tras a caída de Asturias, seguiu combatendo ata que, ao final da Guerra, foi feito prisioneiro e acabou no centro de concentración de “Los Almendros” en Albatera. Desde alí conseguiu que varios curas de Compostela o avalasen para saír, xa que era pintor de imaxes de oficio. Cando o deixaron saír coa condición de volver a Compostela fuxiu e recalou en Barcelona, onde seguiu militando no Sindicato da Construción nos anos corenta ata que, finalmente, foi para ao exilio francés, rematada a Guerra Mundial. Alí estivo anos militando ata que, como dixemos, nos anos 70 voltou a Coruña. Era Fandiño un home polemista e polémico, non só no seo da organización, senón en calquera foro no que aparecía. De iso sabían moito no Ateneo da Coruña, do que era asiduo e incómodo visitante.



Manuel Vázquez Sampayo

Sampayo era un vello militante das Xuventudes Libertarias do 36, que se achegou a colaborar na reconstrución da Federación Local Obreira en momentos difíciles, como foi o desaloxo da Casa Sindical. Sampayo militaba activamente e nos anos 40 foi parar á cadea por formar parte dos grupos que estaban reorganizando o sindicato coa expectativa de que a derrota dos nazis tamén levará detrás unha derrota do fascismo en España. Era Sampayo un home que aceptaba de bo grado a inexperiencia e empuxe dos xóvenes libertarios dos 80, aínda que sempre defendía a súa opinión da unidade das organizacións proletarias no posible.



Francisco Seoane Iglesias

Era Seoane un home invidente que, a pesar de vivir na outra punta da cidade, se pasaba polos locais asiduamente para falar coa xuventude. A súa teima era a formación, cuestión que defendía a tope diante doutras prioridades orgánicas. El era autodidacta e colaborou na recuperación da Casa Sindical ata o final.

Enrique Fernández

Cando comezou a Guerra na Coruña, os mineiros de San Fiz e Noia chegaron á Coruña e intentaron recuperar a Casa Sindical, xa ocupada polos fascistas. Entre aqueles valentes estaba Enrique Fernández, un rapaz de 16 anos, que, co resto dos compañeiros, tivo que fuxir da cidade. Durante anos viviu con nome falso e co tempo, acabou recalando novamente nesta cidade. Cando a reconstrución da Federación Local Obreira, alí estivo el. De Enrique foi a iniciativa de botar adiante o primeiro Ateneo Libertario local da chamada transición e tamén foi activo colaborador na recuperación da

memoria no referido ao monumento erixido ás vítimas da represión pola folga xeral de 1901 na Coruña.

Moitos máis

Como dicíamos ao principio, moita máis militancia ten colaborado para a recuperación da Casa Sindical, da que hoxe é un pequeno paso. Toda unha xeración tiñamos unha débeda con aquela militancia perseguida e asasinada que iniciaron este camiño. Repetimos, os seus nomes non están en ningún monumento e seguramente tampouco nos libros de historia, pero son merecentes que se digan en voz alta nun acto tan salientable como o de hoxe.

Grazas a todas e todos e arriba os corazóns.”

Conclusión

Unha vez pechado este acto, as persoas invitadas fixeron unha pequena visita polos novos locais para coñecerlos. Nunha das salas instalouse a exposición “Mujeres Libres”, confeccionado pola CGT de Pontevedra, consistente nunha serie de paneis explicativos sobre aquela singular organización de mulleres, que foron amplamente comentados.

A continuación, celebrouse un pequeno refrixerio dentro dos locais, co que os asistentes pasaron un tempo de esparcemento e confraternidade, que foi amenizado coa actuación musical do grupo Pan de Millo.

En definitiva, foi un día alegre para a CGT da Coruña, que consegue, por fin, cumprir un dos soños como organización: conseguir unhas instalacións dignas para a actividade sindical e social.

José del Río



CÉSAR RODRÍGUEZ CHICHARRO

(Madrid, 1930 - México, 1984)

César Rodríguez nació en el Madrid de los años 30, en el seno de una familia obrera y pobre, de arraigada militancia anarquista. Tras la victoria fascista en 1939 y la entrada de los franquistas en Madrid, la familia emprendió el exilio, que le llevó a la nación hermana de México. A todo ello alude su poema “el ritmo de mi vida”

EL RITMO DE MI VIDA

Canta, guitarra mía,
canta tu copla
y que el alma se llene
de tristes notas ...

¿Por qué este pesimismo
de mi guitarra?
Porque acuerda sus notas
con mis nostalgias.

Su bordón tiene tonos
de funeral,
como la queja amarga
de mi cantar.

Y la prima que grita
no es alegría;
es chillido estridente,
copla partida.

Si mi canto es tristeza
yo sólo sé
que el mundo que me disteis
también lo es.

Yo no soy responsable
de vuestras pugnas
si el negro fratricidio
meció mi cuna.

El cielo de mi infancia
era de fuego.
La bondad discurría
por otros cielos.

El mío desbordaba
la muerte negra,
la muerte apocalíptica
que me rodea.

Esta visión de espanto
de las bombas que estallan,
me ha calado los huesos,
me oprime el alma.

¿A qué mundo he venido?
¿Qué habéis hecho de mí?
¿Por qué queréis matarme
si no sé qué es vivir?

Así, será mi verso
una lamentación,
como mi propia vida
sólo será dolor.

Conozco la jugosa
floración de la vida,
hecha luz en el verso,
condensada en la letra;

parece que hubo un tiempo
en que la vida fue
y los hombres tenían
la esperanza de ser.

Todo eso está en los libros;
la realidad es otra:
 viniendo de la sombra
no conozco la aurora.

Encontramos este poema de César Rodríguez Chicharro en la antología “Ecos del exilio. 13 poetas hispanomexicanos”, de la colección “Biblioteca del Exilio”, de Edicions do Castro (Coruña, 2003). “El ritmo de la vida” pertenece al poemario “Con una mano en el ancla” (México, 1952)



UN AÑO DIFÍCIL

Título original: Une année difficile

Año: 2023

Duración: 120 min.

País: Francia

Dirección: Olivier Nakache, Eric Toledano

Guion: Olivier Nakache, Eric Toledano

Reparto: Pio Marmaï, Jonathan Cohen, Noémie Merlant, Mathieu Amalric ...

Fotografía: Mélodie Preel

«Ha sido un año difícil» suele ser la introducción de muchos discursos de Año Nuevo, ya sean de líderes políticos o empresariales. Esta breve frase capta la esencia del momento: una oportunidad para echar la vista atrás a los retos del año pasado y albergar esperanzas para el futuro.

Un año difícil es la última comedia de los cineastas Olivier Nakache y Éric Toledano, cineastas franceses conocidos sobre todo por el gran éxito de su película de 2011 *Intouchable*. En esta ocasión, ponen de relieve algunos temas contemporáneos: el calentamiento global, el consumo excesivo y la pobreza. Los personajes de su película se encuentran a menudo al borde del abismo, pero gracias a un humor eficaz, sus historias se unen de una manera única.

En un mundo en el que reina el consumo y las deudas se ciernen sobre sus cabezas como una nube negra, Albert y Bruno se encuentran en una encrucijada vital. Sus cargas financieras les han llevado al límite y tratan desesperadamente de mantenerse a flote. Mientras Albert busca ayuda en un trabajador social, su camino se cruza inesperadamente con el de Bruno, un viejo conocido. Bruno decide invitar a Albert a una cerveza gratis ofrecida por una organización de jóvenes activistas que se rebelan contra el consumo excesivo y luchan por la responsabilidad climática y ecológica.

Albert y Bruno se unen al movimiento, no por una convicción profunda, sino porque Albert ve que se puede ganar dinero participando en las actividades de la organización. Con algunos trucos turbios y engaños, consiguen montar un lucrativo negocio y los jóvenes activistas no se dan cuenta de que tienen una doble agenda. Mantienen su engaño cuidadosamente oculto al grupo, especialmente a Valentine, alias Cactus, la líder del movimiento. Ella no tiene ni idea del lado oscuro de Albert y Bruno, ya que está totalmente centrada en luchar por un mundo mejor. Pero para Albert, la cosa va más allá; se ve atrapado en un amor inesperado por Valentine.

Inspirados en la optimista teoría, compartida durante el confinamiento, de que el mundo sería otro una vez superada la crisis de la Covid, Nakache y Toledano han escrito su película más política y potencialmente la más audaz. Se trata de mostrar a activistas ecologistas cuyas acciones no sirven para nada, pero reconocer que tienen toda la razón frente a la inercia general. Y de señalar la locura global del consumo excesivo, que está arruinando no solo el planeta, sino tam-



bién la estructura social y el equilibrio mental de todos nosotros. Todas buenas ideas, justas, pero por sí solas no hacen una película. La verdadera inteligencia del guion reside en su recordatorio de que no puedes preocuparte realmente por el futuro del planeta cuando apenas puedes sobrevivir cada día del presente. Y aquí, *Un año difícil* da en el clavo, e incluso puede resultar incómoda, a pesar de la inevitable búsqueda de una posición lo bastante tibia como para seguir siendo una auténtica comedia popular.

Un año difícil es una película cómica que bordea la inverosimilitud en su trama, pero donde el humor se expresa en el momento justo. La película trata un tema de actualidad, pero las inverosímiles peripecias hacen difícil sentir simpatía tanto por los activistas como por el dúo en apuros económicos. Jonathan Cohen (Bruno) y Pio Marmaï (Albert) realizan una brillante interpretación. Su química en pantalla es asombrosa y consiguen interactuar a la perfección, sacando a relucir el humor en el momento justo. Noémie Merlant, que interpreta a Cactus, también merece elogios. Su interpretación es muy creíble y hace justicia al personaje.

A pesar de una historia un tanto ingenua e inverosímil, la película consigue crear la atmósfera adecuada. Puede que no tenga una gran profundidad, pero como colofón a otro año difícil, es una película muy agradable de ver.

DEBATE ENTRE MILITANTES NATURISTAS

Naturismo libertario y Naturismo fisiológico, frente a frente

A finales de los años 20 del pasado siglo en España los movimientos sociales más influyentes vivían momentos convulsos, pues en todos y cada uno de ellos se producía el mismo debate de fondo: definir su posición respecto de las instituciones del poder político (estatal o, en su caso, caciquil), religioso (la iglesia católica) y económico (el capital o, en su caso más cercano, el empresario o el amo terrateniente).

Cerca de los años 30 el movimiento naturista había cobrado en España una gran importancia. En numerosas ciudades e incluso pueblos más o menos grandes se constituían grupos y asociaciones naturistas, en los que participaban cada vez mayor número de personas. A esta expansión no era ajeno el gran esfuerzo de los militantes anarquistas, en su mayoría practicantes o simpatizantes del naturismo, al que, en muchos casos, defendían como conclusión natural de sus propios planteamientos libertarios, emancipadores y altruistas.

Una de esas activistas anarquistas era Antonia Maymón, una maestra madrileño-aragonesa que defendía con gran ardor el naturismo en las revistas libertarias de mayor tirada: “Helios”, “Generación consciente”, “Estudios”, “Ética” y otras.

Maymón, como la mayoría de los anarquistas, defendía el llamado “naturismo libertario”, que relacionaba el naturismo con la lucha social contra toda forma de explotación, única meta que haría posible que las personas pudieran desarrollarse de manera completa y saludable en una sociedad sana. Como ella decía: “[el naturismo es un] régimen de regeneración física y un medio de regeneración moral y no puede conformarse con que la vuelta del hombre a la naturaleza sea únicamente un régimen vegetariano, en la alimentación, y unas cuantas prácticas higiénicas de gimnasia y baños. Le urge colocar al hombre en el medio social necesario para su libertad y su íntegro desarrollo y, viendo la injusticia de que unos pocos puedan ser perfectos en su desarrollo físico, mientras otros mueren y languidecen en trabajos extenuadores y antihumanos, proclama el derecho a la vida integral de todo ser humano, base de verdadera regeneración”.

Pero no todos los naturistas compartían este criterio. Al contrario. Varias agrupaciones en todo el país eran francamente conservadoras, negándose en redondo a admitir que el ideal y la práctica naturalistas implicasen la defensa de una reforma política de grave calado y, mucho menos, de la revolución social. Para estos grupos el naturismo era una decisión estrictamente personal, en la búsqueda de la salud y el bienestar físico de sus seguidores. Su ‘naturismo’, por más que en apariencia progresista, no era más que la expresión de un individualismo burgués, reaccionario e insolidario.

El enfrentamiento entre ambas posturas se hizo evidente ya en el gran Congreso Naturista de Bilbao (1925), en el que los ‘naturistas vegetarianos’ anunciaron la ruptura inminente entre las dos concepciones.

Al año siguiente, el debate cobró gran virulencia, cuando la Sociedad Vegetariana Madrileña envió una Carta-circular a sus adeptos en la que se declaraba la “exclusión del movimiento naturista a los que reivindicaban un cambio social para su consecución”.

La polémica arreció. Nada más conocerse la convocatoria del Congreso Naturista de Málaga, que iba a celebrarse entre los días 19 y 23 de septiembre de 1926, sólo unos pocos, entre ellos la maestra anarquista, intentaban evitar la ruptura definitiva

entre ambos grupos. Todo fue inútil.

Como presidenta del Congreso fue nombrada, por unanimidad de los presentes, Antonia Maymón. Lejos de alegrarse por ello, Antonia reprochó a los presentes esa elección, pues la “ponía en condiciones de inferioridad para tomar parte en las discusiones que, en asuntos que yo creía de gran interés, se habían de suscitar”. Y, efectivamente, así sucedió, por más que la presidente abriese el Congreso con una sincera llamada a la “tranquilidad” y el “mutuo respeto”. El consejo cayó en vacío, entablándose agrias discusiones, con intercambio de insultos y acusaciones infames. Antonia Maymón declaró entonces no estar dispuesta a presidir aquella humillación colectiva, por lo que dimitió. La división del movimiento naturista allí producida ya nunca se resolvería.

M. Genofonte

